

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o segundo parágrafo do número 4.1 do anexo IV do Real decreto 312/2005, do 18 de marzo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe unha norma regulamentaria de seguranza industrial, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución, que atribúe ao Estado as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Cumprimento do dereito da Unión Europea.*

Este real decreto dítase en cumprimento do disposto nas decisións da Comisión 2005/403/CE, do 25 de maio de 2005, 2005/610/CE, do 9 de agosto de 2005, 2005/823/CE, do 22 de novembro de 2005, 2006/213/CE, do 6 de marzo de 2006, 2006/600/CE, do 4 de setembro de 2006, 2006/673/CE do 5 de outubro de 2006, 2006/751/CE, do 27 de outubro de 2006, e 2007/348/CE, do 15 de maio de 2007; así como na Decisión 2000/147/CE da Comisión, do 8 de febreiro de 2000.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

2487 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.* («BOE» 38, do 13-2-2008.)

Advertidos erros no Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, publicado no Boletín Oficial do Estado, suplemento en lingua galega número 31, do 1 de decembro de 2007, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 3879, segunda columna, parágrafo terceiro, primeira liña, onde di: «Analizado en anexo da citada directiva, intégranse...», debe dicir: «Analizado o anexo da citada directiva, intégranse...».

Na páxina 3880, segunda columna, parágrafo primeiro, antepenúltima liña, onde di: «...por produtos defectuosos; a Lei 21/1995, do 6 de xullo, sobre viaxes combinadas», debe dicir: «...por produtos defectuosos e a Lei 21/1995, do 6 de xullo, sobre viaxes combinadas».

Na páxina 3881, primeira columna, sexto parágrafo, liña catorce, onde di: «dedúcese claramente do artigo 49, número 13...», debe dicir: «dedúcese claramente da alínea k) do artigo 49.1...».

Na páxina 3881, primeira columna, noveno parágrafo, liña oitava, onde di: «ordenamento xurídico, prohibense

as cláusulas...», debe dicir: «...ordenamento xurídico, prohibe as cláusulas...».

Na páxina 3881, segunda columna, quinto parágrafo, onde di: «... ao profesional, tal é o caso dos impostos...», debe dicir: «...ao profesional, como os impostos...».

Na páxina 3890, artigo 31, parágrafo primeiro, primeira liña, onde di: «As contas anuais da entidade depositaranse...», debe dicir: «As contas anuais das asociacións de consumidores e usuarios depositaranse...».

Na páxina 3890, artigo 32.2, última liña, onde di: «... depósito e acceso reguladas neste artigo», debe dicir: «...depósito e acceso reguladas neste capítulo».

Na páxina 3890, artigo 35.1, terceira liña, onde di: «... prohibidas polos artigos 23.3 e 27...» debe dicir: «prohibidas polos artigos 23.3, 27 e 28...».

Na páxina 3895, artigo 62, números 1 e 2, onde di: «... consumidores...», debe dicir: «... consumidores e usuarios...».

Na páxina 3895, artigo 62, números 3 e 4, onde di: «... consumidor...», debe dicir: «... consumidor e usuario».

Na páxina 3896, artigo 65, onde di: «... consumidores...», debe dicir: «... consumidores e usuarios...».

Na páxina 3896, artigo 67.1, primeiro parágrafo, segunda liña, onde di: «... contidas nos artigos 82 a 91...», debe dicir: «... contidas nos artigos 82 a 91, ambos inclusive...».

Na páxina 3896, artigo 67.1, segundo parágrafo, segunda liña, onde di: «... cando o profesional...», debe dicir: «... cando o empresario...».

Na páxina 3896, artigo 67.2, primeiro parágrafo, terceira liña, onde di: «... os artigos 92 a 106 e nos artigos 114 a 126...», debe dicir: «... os artigos 92 a 106, ambos inclusive, e nos artigos 114 a 126 ambos inclusive...».

Na páxina 3899, artigo 87.6, nas súas liñas terceira e oitava, onde di: «... consumidor...», debe dicir: «... consumidor e usuario...», e na liña décimo quinta, onde di: «... profesional...», debe dicir: «... empresario...».

MINISTERIO DE FOMENTO

2593 *ORDE FOM/319/2008, do 8 de febreiro, pola que se modifican os anexos VI dos reais decretos 354/2006 e 355/2006, do 29 de marzo, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional, e sobre interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo de alta velocidade, respectivamente.* («BOE» 39, do 14-2-2008.)

A Directiva 2007/32/CE da Comisión, do 1 de xuño de 2007, pola que se modifica o anexo VI da Directiva 96/48/CE do Consello, relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo de alta velocidade, e o anexo VI da Directiva 2001/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional, modificou ambos os anexos co obxecto de lles recoñecer aos fabricantes a posibilidade de solicitar a avaliación do primeiro paso (fase de deseño ou fabricación) que dá lugar ás declaracións intermedias de verificación (DIV) expedidas polo organismo notificado, permitindo así que o contratista principal ou o fabricante, baseándose en tales declaracións, poida redactar unha «declaración CE intermedia de conformidade do compoñente de interoperabilidade ou subsis-